

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 14 de febreiro de 2025 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade saúde, grupo III, en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 2 de decembro de 2022.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución reitoral do 2 de decembro de 2022 (*Diario Oficial de Galicia* do 16 de decembro) para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade saúde, grupo III, pola quenda de acceso libre, vacante no seu cadro de persoal laboral, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de técnico especialista de investigación, especialidade saúde, a persoa que superou o proceso selectivo e que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que a persoa aspirante se encontre en situación de incapacidade temporal, o prazo para a sinatura do contrato comezará a partir do día hábil seguinte ao da data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, nas cales poderá asinar o contrato durante esta situación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: 5yrfnd58-hvk0-ho16-2bh0-uxo727xr5sp9



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2025

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

ANEXO

Núm. de orde	DNI	Apelidos e nome
1	***3810**	Vélez Vélez, David

CVE-DOG: 5yrfnd58-hvk0-ho16-2bh0-uxo727xr5sp9

